Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

SOCIAIS

3

Tema 09

O noso pasado colectivo: a historia

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina inicial os alumnos reflexionarán sobre a importancia de coñecer o noso pasado colectivo.

■ Tamén leremos un fragmento narrativo no que se describe como perduran os restos do pasado entre nós. Os alumnos deberán:

- Explicar coas súas propias palabras as experiencias persoais que tivesen en relación a este tema.
- Escribir un texto póndose no lugar dun monumento.

Solucións das actividades

1. Actividade persoal. Pedirémoslles aos alumnos que identifiquen o monumento, que digan onde se encontra e que describan o que lembren del.

Ademais buscarán na Internet algunhas fotografías para que as poidan compartir cos seus compañeiros.

2. Resposta persoal.

3. Segundo a novela *Momo*, nas cidades antigas había:

– Pazos de reis e emperadores.

– Magníficos templos con estatuas de ouro e mármore dedicadas ós deuses.

– Mercados multicolores onde se ofrecían mercadorías de todos os países.

– Prazas amplas onde a xente se reunía para comentar as novidades e pronunciar ou escoitar discursos.

– Grandes teatros.

Describe as rúas falando de rúas amplas, ruelas estreitas e ruelas intricadas.

Os teatros antigos tiñan o aspecto dos nosos circos actuais, pero diferenciábanse deles en que estaban feitos totalmente de perpiaños de pedra.

Tamén podemos dicir que os teatros antigos estaban ao aire libre, abertos e sen protección na súa parte superior, mentres que os actuais están a cuberto no interior dun edificio.

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	1	Identificar unhas ruínas ou un monumento histórico e situalo no tempo e no espazo.
Intrapersoal	2	Expor unha opinión persoal baseada na imaxinación.
Lingüística	5	Redactar un texto descritivo de ficción.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Valorar as ruínas e os monumentos históricos como vestixios do pasado e ferramentas para o coñecer. Act. 1-5.
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia.	Identificar as ruínas e monumentos históricos como elementos da cultura e o patrimonio dunha cidade ou civilización. Acts. 1, 4, 5.
Lingüística	Ler un texto e responder as preguntas sobre o seu contido. Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.	Ler un texto de ficción e comentar o seu contido respondendo as preguntas propostas. Acts. 3 e 4. Redactar un texto descritivo de ficción. Act. 5.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)



Cidades con historia

Nos vellos, vellos tempos, cando os homes falaban aínda moitas outras linguas, xa había nos países cidades grandes e suntuosas.

Alzábanse alí palacios de reis e emperadores, había nelas rúas anchas, canellas estreitas e canellóns intricados, magníficos templos con estatuas de ouro e mármore dedicadas aos deuses; había mercados multicolores onde se ofrecían mercadorías de todos os países, e prazas amplas onde a xente se reunía para comentar as novidades e pronunciar ou escoitar discursos.

Sobre todo, había alí grandes teatros. Tiñan o aspecto dos nosos circos actuais, só que estaban feitos totalmente de pedra de cantaría. [...]

Pasaron milenios desde aquela. As grandes cidades daquel tempo decaeron, os templos e palacios derrubáronse. O vento e mais a chuvia, e o frío e mais a calor limaron e escavaron as pedras; dos grandes teatros non quedan máis que as súas ruínas. [...]

Mais algunhas desas vellas e grandes cidades seguen a ser, na actualidade, grandes. Claro que a vida nelas é diferente. A xente vai en coche ou tranvía, ten teléfono e electricidade. Mais por aquí ou por alí, entre os edificios novos, quedan aínda un par de columnas, unha porta, un anaco de muralla ou mesmo un anfiteatro daqueles remotos días.

Michael ENDE: *Momo*, parte I, cap. I. (tradución). Madrid, Alfaguara, 2007.

No tema descubrirás:

- Por que é importante coñecer o noso pasado colectivo: a historia.
- Como medimos a historia e en que etapas a clasificamos.
- Que restos do pasado sobreviviron ata a actualidade e de que xeito nos falan del.

1. Visitaches algunha vez, na túa localidade ou en calquera outra, algunha ruína ou edificio antigo? Que lembras del? Busca algunhas fotografías na Internet.

2. Se tiveses unha máquina do tempo, a que época che gustaría viaxar? Por que?

Le e comprende

3. Que edificios había nas cidades antigas segundo a novela *Momo*? Con que palabras describe as súas rúas? Que diferenzas e semellanzas hai entre os teatros antigos e os actuais?

4. Que conta que lles pasou aos edificios antigos co paso do tempo? Como conviven nas cidades modernas?

Exprésate coas túas palabras

5. Imaxina que es unha columna do arco de triunfo da fotografía e contemplas como mudaron as cousas desde que te construíron. Describe o que ves actualmente ao teu arredor que che cause sorpresa.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
DIXITAL	Utilizar as TIC para obter e expresar contidos.	Buscar fotografías na Internet sobre ruínas ou monumento históricos coñecidos e visitados anteriormente. Act. 1.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	Saber expresar os gustos e as opinións persoais.	Expor unha opinión persoal e fundamentala con argumentos sólidos. Act. 2.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/685869 – Tamén podemos ver este vídeo de Lugo como exemplo dunha cidade que mantén edificios, monumentos e restos arqueolóxicos do pasado.

Despois de ver o vídeo formularémoslles aos alumnos as seguintes preguntas:

– *Gústache pasear pola túa vila ou cidade? Adoitas facelo? Con quen paseas? Que monumentos ou edificios históricos da localidade coñeces?*

4. Co paso do tempo, os edificios antigos decaeron, os templos e pazos derrubáronse. O vento e a chuvia, e o frío e a calor estragaron as pedras. Dos grandes teatros non quedan máis que ruínas.

Entre os edificios novos das grandes cidades actuais quedan aínda un par de columnas, unha porta, un anaco de muralla ou mesmo un anfiteatro como testemuño do esplendor daqueles días.

5. A fotografía mostra o antigo arco de triunfo romano que se encontra en Pula, Croacia.

Coñéceselle como o Arco dos Sergios ou Porta Dourada porque o seu arco daba acceso á cidade e estaba ricamente adornado con elementos dourados. Foi construído entre os anos 29 e 27 a.C. para conmemorar a vitoriosa batalla de Actium no 31 a.C.

O arco consiste en dúas pilastras macizas unidas por un arco, rematadas por unha superestrutura plana ou ático que se utilizaba para realizar inscricións.

Cada unha das pilastras está decorada con dúas columnas rematadas por vistosos capiteis de estilo corintio.

A actividade proposta é de carácter persoal pero, a modo de exemplo, podemos suxerir que na descrición os alumnos fagan referencia ás seguintes cuestións:

– No seu día era unha das portas de entrada á cidade.
– Por debaixo deberon desfilar as lexións romanas.
– A porta e a muralla que estaban xunto ao arco foron derrubadas a principios do s.XIX como consecuencia do crecemento da cidade.
– Hoxe en día lévanse a cabo numerosas actuacións culturais, teatrais e musicais, na praza xunto ao arco.
– A rúa adxacente é unha zona comercial.
– Actualmente, é un lugar moi visitado polos turistas.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Esta sección ten por obxectivo sinalar por que é necesario coñecer a historia. Os alumnos aprenderán que:
  - O noso pasado axúdanos a entender quen somos e de onde vimos.
  - A nosa sociedade evolucionou a partir doutras anteriores.
  - A historia é capaz de dar explicación de como, onde, cando e por que ocorreron os feitos históricos.
- Por último, analizaremos historicamente as pirámides de Exipto.

Solucións das actividades

1. É importante coñecer a historia porque coñecendo o noso pasado aprendemos quen eran e como vivían os nosos antepasados, que pensaban e como gobernaban. Desta maneira poderemos coñecer a longa evolución que nos levou ata a sociedade dos nosos días. Todo iso axúdanos tamén a entender mellor quen somos e de onde vimos.
2. Resposta persoal.

   O acueduto de Segovia construíuse entre os s. I e II d.C. en tempo dos emperadores Vespasiano ou Nerva.

   A torre Eiffel construíuse entre xaneiro de 1887 e marzo de 1889.

   A catedral de León construíuse entre os s. XIII e XVI pero sufriu restauracións posteriores.
3. Os historiadores fanse preguntas para coñecer o pasado: como: onde, cando e por que sucederon os feitos históricos.
4. Das pirámides sabemos:
   - Os acontecementos: *O seu descubrimento revelou que os faraóns se enterraban en grandes tumbas que* tiñan forma de pirámide.
   - *O espazo*: as pirámides construíronse no Norte de África, en Exipto, nunha zona desértica bañada polo río Nilo.

1 A historia explícanos o pasado

Todas as persoas temos un pasado persoal. Pero ademais disto, os seres humanos vivimos en comunidade e compartimos un pasado colectivo. A historia explica o pasado común dos seres humanos, desde as súas orixes ata a actualidade.

1 Por que coñecer a historia?

O noso pasado persoal e familiar axúdanos a comprender quen somos e de onde vimos.

A historia permítenos saber **como vivían** os nosos antepasados, que pensaban e como se gobernaban.

Coñecer a historia axudaranos a comprender **como é a sociedade actual** (o presente) e a entender a longa evolución que nos levou ata os nosos días.

O acueduto de Segovia foi construído polos romanos hai máis de 2000 anos para abastecer de auga a cidade.

A Torre Eiffel construíuse en París no século XIX. É un dos monumentos máis coñecidos do mundo.

A catedral de Santiago de Compostela amosa a importancia da Igrexa cristiá nas distintas etapas da historia.

1. Por que é importante coñecer a historia?
2. Observa os edificios das fotos e descríbeos. Víchelos algunha vez? Que coñeces da época en que foron construídos?

128 Tema 9

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Explicar que é a historia e como se aproximan ao pasado os historiadores. Acts. 1 e 3. Investigar a historia de determinados elementos da nosa redonda. Acts. 2, 4 e 5.
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia.	Identificar a historia de determinados elementos do patrimonio arquitectónico da nosa cultura e doutras culturas. Acts. 2, 4 e 5.
Dixital	Interpretar imaxes e detectar a información que transmiten. Utilizar as TIC para obter e expresar contidos.	Identificar imaxes de diversos edificios históricos europeos. Act. 2. Investigar sobre as murallas grazas á información dun recurso dixital. Act. 5 e *Explorador@dixital.*
Lingüística	Utilizar diferentes variantes do discurso.	Describir os edificios que aparecen en diversas imaxes. Act. 2
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Organizar a información obtida a través dun recurso dixital en tres bloques sintéticos. Act. 5.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Esta sección ten por obxectivo sinalar por que é necesario coñecer a historia. Os alumnos aprenderán que:
  - O noso pasado axúdanos a entender quen somos e de onde vimos.
  - A nosa sociedade evolucionou a partir doutras anteriores.
  - A historia é capaz de dar explicación de como, onde, cando e por que ocorreron os feitos históricos.
- Por último, analizaremos historicamente as pirámides de Exipto.

Solucións das actividades

1. É importante coñecer a historia porque coñecendo o noso pasado aprendemos quen eran e como vivían os nosos antepasados, que pensaban e como gobernaban.

   Desta maneira poderemos coñecer a longa evolución que nos levou ata a sociedade dos nosos días. Todo iso axúdanos tamén a entender mellor quen somos e de onde vimos.

2. Resposta persoal.

   O acueduto de Segovia construíuse entre os s. I e II d.C. en tempo dos emperadores Vespasiano ou Nerva.

   A torre Eiffel construíuse entre xaneiro de 1887 e marzo de 1889.

   A catedral de Santiago construíuse entre os s. XI a XVIII.

3. Os historiadores fanse preguntas para coñecer o pasado: como: onde, cando e por que sucederon os feitos históricos.

4. Das pirámides sabemos:
   - Os acontecementos: *O seu descubrimento revelou que os faraóns se enterraban en grandes tumbas que* tiñan forma de pirámide.
   - *O espazo*: as pirámides construíronse no Norte de África, en Exipto, nunha zona desértica bañada polo río Nilo.

1 A historia explícanos o pasado

Todas as persoas temos un pasado persoal. Pero ademais disto, os seres humanos vivimos en comunidade e compartimos un pasado colectivo. A historia explica o pasado común dos seres humanos, desde as súas orixes ata a actualidade.

1 Por que coñecer a historia?

O noso pasado persoal e familiar axúdanos a comprender quen somos e de onde vimos.

A historia permítenos saber **como vivían** os nosos antepasados, que pensaban e como se gobernaban.

Coñecer a historia axudaranos a comprender **como é a sociedade actual** (o presente) e a entender a longa evolución que nos levou ata os nosos días.

O acueduto de Segovia foi construído polos romanos hai máis de 2000 anos para abastecer de auga a cidade.

A Torre Eiffel construíuse en París no século XIX. É un dos monumentos máis coñecidos do mundo.

A catedral de Santiago de Compostela amosa a importancia da Igrexa cristiá nas distintas etapas da historia.

1. Por que é importante coñecer a historia?
2. Observa os edificios das fotos e descríbeos. Víchelos algunha vez? Que coñeces da época en que foron construídos?

128 Tema 9

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Explicar que é a historia e como se aproximan ao pasado os historiadores. Acts. 1 e 3. Investigar a historia de determinados elementos da nosa redonda. Acts. 2, 4 e 5.
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia.	Identificar a historia de determinados elementos do patrimonio arquitectónico da nosa cultura e doutras culturas. Acts. 2, 4 e 5.
Dixital	Interpretar imaxes e detectar a información que transmiten. Utilizar as TIC para obter e expresar contidos.	Identificar imaxes de diversos edificios históricos europeos. Act. 2. Investigar sobre as murallas grazas á información dun recurso dixital. Act. 5 e *Explorador@dixital.*
Lingüística	Utilizar diferentes variantes do discurso.	Describir os edificios que aparecen en diversas imaxes. Act. 2
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Organizar a información obtida a través dun recurso dixital en tres bloques sintéticos. Act. 5.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Nesta sección analizaremos as características máis destacadas do tempo histórico:
  - As medidas do tempo histórico.
  - A expresión *antes ou despois de Cristo*.
  - A elaboración de eixes cronolóxicos
  - A importancia das datas históricas.

Solucións das actividades

1. A historia utiliza grandes unidades de medida do tempo porque abrangue centos ou miles de anos. Por iso é habitual que utilice o século ou o milenio.
2. Un século ten 100 anos. Un milenio ten 1.000 anos.
3. Un calendario é un sistema que permite medir o paso do tempo. Para iso, numéranse os anos tomando como punto de partida un acontecemento importante. Nós utilizamos o calendario cristián.
4. No calendario cristián o punto de partida que marca o inicio é o nacemento de Xesucristo.

   Xa que logo, todos os feitos que ocorreron antes desa data levan a referencia **a.C.**que significa *antes do nacemento de Cristo*.

   Polo contrario, se ocorreron despois levan a referencia **d.C.** que significa *despois do nacemento de Cristo*. Non obstante, esta última referencia non sempre se utiliza. Se non aparece sobreenténdese que é despois de Cristo.

   Outros calendarios diferentes ao cristián son, por exemplo, o musulmán e o chinés.

   O calendario musulmán toma como referencia a fuxida do profeta Mahoma á cidade de Medina, que sucedeu no ano 622 do noso calendario.

   O calendario chinés inicioun un emperador no ano 2.637 a.C. do noso calendario.
5. As respostas ás preguntas son as seguintes:

2 O tempo histórico

Para poder coñecer a historia cómpre saber cando sucederon os feitos e como se ordenan no tempo.

1 As medidas do tempo histórico

Poñer data ou datar un acontecemento é coñecer cando sucedeu.

Na nosa vida cotiá utilizamos medidas de tempo como a hora, o día, a semana, o mes ou o ano. Para a historia, que abrangue centos ou milleiros de anos, úsanse medidas maiores: o **século** e mais o **milenio**.

12 meses	1 ano
5 anos	1 quinquenio
10 anos	1 década
100 anos	1 século
1000 anos	1 milenio

1. Que medidas son as máis habituais para medir o tempo histórico? Por que?
2. Cantos anos ten un século? E un milenio?

2 Antes e despois de Cristo

Para medir o paso do tempo utilízanse os **calendarios**, que numeran os anos tomando como punto de partida un acontecemento importante.

Actualmente, en case todo o mundo se aplica o calendario cristián, que utiliza como feito de inicio o **nacemento de Xesucristo**.

Deste xeito, todos os feitos se ordenan coa referencia *antes do nacemento de Cristo* (**a.C.**) ou *despois* (**d.C.**). No entanto, non adoitamos escribir *d.C.* despois dunha data cando se sobreentende que é despois de Cristo.

Que outros calendarios existen?

Ademais do cristián, no mundo existen outros calendarios que se utilizan en diversos países e culturas.

O **musulmán** é un deles. Toma como referencia a fuxida do profeta Mahoma á cidade de Medina, que tivo lugar no ano 622 do noso calendario.

O calendario **chinés**, por exemplo, inicioun un dos seus emperadores no ano 2637 a.C., segundo o noso calendario.

O teatro de Epidauro foi levantado na antiga Grecia, no século IV antes de Cristo (a.C.).

3. Que é un calendario? Para que serve?
4. Explica como se organiza o tempo no noso calendario. Que feito marca o seu inicio? Como enumeramos os anos? Coñeces outros calendarios ademais do cristián?

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	8	Reflexionar sobre as datas e os acontecementos máis relevantes do último século.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Expor as medidas máis habituais para medir o tempo histórico. Act. 1-4. Interpretar un eixe cronolóxico e recoñecer a súa utilidade. Act. 5. Describir que son as datas históricas e buscar as máis relevantes do último século. Act. 6-8.
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia.	Identificar algunhas das innovacións tecnolóxicas e culturais máis relevantes do século XX. Act. 5.
Matemática, ciencias e tecnoloxía	Saber a utilidade dos números para se situar no día en que nos encontramos.	Expor as características dos calendarios cristián, musulmán e chinés e explicar como organiza o tempo cada un deles. Act. 4.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

3 Os eixes cronolóxicos

Os eixes cronolóxicos son **liñas do tempo**.

Serven para **ordenar** as datas dos acontecementos importantes, un tras outro, colocando o máis antigo á esquerda e o máis recente á dereita.

Poden representar períodos de tempo curtos (un ano, unha década), períodos medios (un ou varios séculos), ou períodos longos (milleiros de anos).



5. Cando se inicia e cando remata este eixe cronolóxico? Que período de tempo abrangue? Sabes como se chama? Que feitos se destacan neste eixe?

4 As datas históricas

Na nosa vida lembramos e celebramos os acontecementos máis importantes: aniversarios, vodas, pasamentos, etc.

Na historia da humanidade tamén existen datas especiais que sinalan e lembran os **acontecementos máis salientables**.

6. Que son as datas históricas? Con que sucesos da túa vida son comparables?

7. Fíxate nas datas históricas que che amosamos. Explica por que cada unha delas é unha data importante para a humanidade.

DATAS HISTÓRICAS

Descubrimento do lume
500 000 a.C. aproximadamente

Invención da escritura
3 500 a.C.

Chegada de Colón a América
1492

Fabricación do primeiro automóbil
1885

Descubrimento da penicilina
1928

Primeiro ordenador persoal
1971

8. Pregúntalle a un familiar tres datas históricas dos últimos 100 anos que considere moi relevantes. Explica por que son importantes para el.

Facede un reconto na clase e seleccionade as cinco datas máis votadas. En parellas, elaborade un eixe cronolóxico como o desta páxina para situar nel estas datas.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
APRENDER A APRENDER	Buscar información relevante sobre diversos aspectos da área. Esforzarse para resolver actividades de crecente complexidade.	Entrevistar un adulto para coñecer as tres datas que considera máis relevantes dos últimos cen anos e os motivos da súa selección. Act. 8. Realizar un eixe cronolóxico do século XX. Act. 8.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	Saber expresar os gustos e as opinións persoais.	Valorar diversos acontecementos históricos e seleccionar os máis relevantes. Act. 8.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/677536– Podemos utilizar este recurso para que os alumnos repasen o aprendido.

A continuación, pedirémoslles aos alumnos que elaboren un esquema sobre as diferentes medidas do tempo histórico.

– O eixe cronolóxico da ilustración iníciase no ano 1.900 e remata o ano 2.000.
– Abrangue un período de 100 anos, é dicir, un século.
– Os acontecementos son:

1910: Invención da lavadora.

1919: Primeiro voo transatlántico sen escalas.

1943: Invención do bolígrafo.

1956: Primeira emisión da televisión en España.

1968: Primeiro caixeiro automático.

6. As datas históricas son aquelas datas especiais que sinalan e lembran os acontecementos máis relevantes ocorridos ao longo da historia.

Estes sucesos son equivalentes aos acontecementos máis importantes que tiveron lugar na nosa historia persoal, como un aniversario, casamentos, falecementos, viaxes, etc.

7. *Descubrimento do lume*: permitiu cociñar os alimentos, quentarse e protexerse dos animais salvaxes.

Invención da escritura: permitiu deixar testemuño escrito da vida noutras épocas.

Chegada de Colón a América: descubriuse un novo continente.

Fabricación do primeiro automóbil: facilitou o desprazamento das persoas.

Descubrimento da penicilina: evitou moitas mortes causadas polas infeccións.

Primeiro ordenador persoal: facilitou o traballo e o tratamento dos textos e das imaxes.

8. Actividade persoal. Podemos seleccionar entre outras:

– 1914-18: I Guerra Mundial.
– 1917: Revolución rusa.
– 1922: Descóbrese a tumba de Tutankhamon.
– 1929: Crise económica.
– 1936-39: Guerra civil española.
– 1939-45: II Guerra Mundial.
– 1945: Creación da ONU.
– 1969: Primeira viaxe á Lúa.
– 1975: Chega a democracia a España.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Nesta sección analizaremos as características que definen as idades ou etapas históricas. Os alumnos deberán:
  - Aprender o nome de cada unha das idades da Historia.
  - Coñecer os límites cronolóxicos nos que se encadra cada unha destas etapas.
  - Analizar os principais sucesos ocorridos en cada unha destas idades da historia.

Solucións das actividades

1. A etapa máis longa da historia da humanidade é a Prehistoria, da que non existen documentos escritos senón só restos materiais.

A Prehistoria comezou aproximadamente hai dous millóns e medio de anos coa aparición do ser humano sobre a Terra.

Esta etapa finalizou en 3500 a.C, coa invención da escritura. É dicir, podemos considerar que tivo unha duración aproximada próxima aos 2,5 millóns de anos.

2. O reloxo da ilustración móstranos unha sinxela comparación para visualizar a importancia da Prehistoria na historia da humanidade.

Se imaxinamos que as 24 horas dun día representan toda a historia da humanidade, a Prehistoria ocuparía 21 minutos do total, mentres que a Historia representaría só 3 minutos.

3. A Historia iníciase coa invención da escritura en 3500 a.C e chega ata os nosos días. Polo tanto, a Historia comprende uns 5.515 anos.

As etapas da Historia son as seguintes:

- *Idade Antiga*: iníciase coa invención da escritura.
- *Idade Media*: comeza en 476 coa caída do Imperio romano.
- *Idade Moderna*: comeza en 1453 coa caída de Constantinopla.



3 Descubro...

As idades da historia

Para poder ordenar todos os feitos que aconteceron ao longo da historia da humanidade, os historiadores crearon as idades ou etapas históricas.

Cada etapa histórica iníciase cun **grande acontecemento da humanidade**:

✔ A primeira etapa é a **Prehistoria**. Comezou hai máis de dous millóns de anos coa aparición do ser humano sobre a Terra. Trátase do período máis longo da humanidade, do que non existe ningún documento escrito e do que unicamente se conservan restos materiais.

✔ Coa invención da escritura hai 5 500 anos, iníciase a **Historia**. Esta divídese en catro etapas: **Historia Antiga**, **Historia Medieval**, **Historia Moderna** e **Historia Contemporánea**.

1. Que etapa da historia da humanidade é a máis longa? Cantos anos abrangue? Cando se iniciou e en que ano finalizou?
2. Que comparación nos amosa o reloxo da ilustración sobre a duración da Prehistoria e da Historia?
3. Cantos anos abrangue a Historia? Enumera a cronoloxía das etapas da Historia indicando cando se inicia cada unha delas e que feito histórico concreto determina o seu comezo.

132 Tema 9

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lóxico-matemática	2	Cuantificar e comparar a duración temporal da prehistoria e da historia.
Intrapersoal	3	Organizar as etapas da historia, expor a súa cronoloxía e o feito que determina o seu comezo.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Expor as etapas da historia, a súa cronoloxía e características relevantes e explicar o feito que determina o seu comezo. Act. 1-3.
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Enumerar de forma ordenada as etapas da historia, periodizalas e memorizar o feito que determina o seu comezo. Act. 1-3.
Dixital	Interpretar información contida en gráficos, táboas, mapas...	Interpretar un esquema gráfico coas idades da historia e a súa periodización. Act. 1-3.
Matemática, ciencias e tecnoloxía	Saber a utilidade dos números para se situar no tempo.	Periodizar e situar no calendario as etapas históricas. Act. 1-3.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/677539 – Podemos utilizar este recurso para afondar nas idades da historia.
- http://www.tiching.com/677541 – Podemos utilizar este recurso para mostrar outra imaxe sobre a división das etapas da historia.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

– *Idade Contemporánea*: iníciase en 1789 coa Revolución francesa.

Actividades de reforzo

1. Proporémoslles que busquen na Internet unha fotografía relacionada con cada unha das seguintes etapas históricas.

a) Prehistoria.

b) Idade Antiga.

c) Idade Media.

d) Idade Moderna.

e) Idade Contemporánea.

Imprimirán as súas imaxes e comentaranas na clase.

Explicarán por que as seleccionaron e cal é a relación que gardan con cada época.

Solución: Actividade persoal e en grupo.

2. Observaremos as imaxes do libro correspondentes ao apartado "Civilizacións antigas" e preguntarémoslles aos nenos:

– *Para que servía a taboíña de arxila da Idade Antiga?*

– *Que utilizaban para escribir, como se fose un lapis?*

– *Que imaxe vos lembra o antigo Exipto?*

– *Para que servía un edificio con tantas columnas?*

Analizaremos agora as imaxes da "Epoca dos castelos":

– *Como vai vestido o cabaleiro? Que armas utiliza?*

– *Para que servian os castelos? Que rodea a cidade medieval?*

Comentaremos a continuación as imaxes da "Epoca dos descubrimentos":

– *Viches algunha vez un barco como este? Onde?*

– *Que personaxes representan a conquista de América?*

Finalmente, describirán as imaxes da "Epoca industrial e actual" respondendo estas preguntas:

– *Que fan as persoas do cadro que levan unha bandeira?*

– *Para que serve un tear? Que simboliza o da fotografía?*

– *Como é o traxe do astronauta? Por que ten que ser especial?*

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Esta dobre páxina céntrase na análise e a descrición das fontes que permiten reconstruír e escribir a historia:
  - As fontes escritas.
  - Os testemuños orais.
  - Os restos materiais.
  - Os documentos gráficos e audiovisuais.
- Tamén coñeceremos a función da arqueoloxía no estudo da historia.

Solucións das actividades

1. Nas imaxes podemos ver tres tipos de fontes escritas diferentes:
   - Un papiro exipcio con escritura xeroglífica de máis de 4.000 anos de antigüidade.
   - A Biblia de Gutemberg, de 1455, un dos primeiros libros impresos.
   - A primeira páxina dun periódico español publicado en 1908.
2. As diferenzas entre as fontes escritas anteriores son:
   - *Papiro*: pertence á Idade Antiga e contén un tipo de escritura xeroglífica, baseada en debuxos.
   - *Biblia*: pertence á Idade Moderna e contén letra impresa pola primeira imprenta de Gutemberg.
   - *Periódico*: pertence á Idade Contemporánea e tamén contén letra impresa por linotipias que mecanizaban e axilizaban o proceso de impresión.
3. Resposta persoal. Os alumnos lembrarán algunha conversación que tivesen cos seus avós ou cos seus pais e que lles servise para coñecer algún feito histórico do pasado.
4. Os restos materiais achégannos moita información sobre os obxectos que se utilizaban no pasado, os edificios que se construían noutras épocas e os monumentos cos que adornaban as rúas e prazas.

4 Como se escribe a historia?

Para coñecer o pasado, os historiadores buscan documentos escritos, obxectos, ruínas, obras de arte, etc., das civilizacións anteriores á nosa. Son as chamadas "fontes históricas", que permiten reconstruír e escribir a historia.

1 As fontes escritas

As fontes escritas son todos os **documentos escritos** que nos explican cousas do pasado. Unha pedra con inscricións, un papiro, un libro, etc., son fontes escritas.

O contido destes documentos pode chegar a ser moi variado: cartas, leis, diarios persoais, facturas, xornais, etc.



Papiro exipcio con escritura xeroglífica. Ten máis de 4000 anos.

Primeiro número dun xornal galego, 1916.

Biblia de Gutenberg, un dos primeiros libros impresos, 1455.

1. Que tipos de fontes escritas che amosan as imaxes?
2. Que diferenzas de época e de tipo de escritura hai entre elas?

2 Os testemuños orais

Outra fonte de información para os historiadores son as persoas que viviron determinados feitos ou que coñecen aspectos do pasado (costumes, historias, etc.).

Poden **transmitir de palabra** estes coñecementos a través de entrevistas, conferencias, etc.

3. Que che suxire a fotografía? Lembras algún feito histórico que che relatasen oralmente? Quen o fixo?

As persoas maiores pódennos contar moitas cousas do pasado.

134 Tema 9

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Interpersoal	3	Valorar a comunicación interpersoal como método para transmitir feitos históricos.
Lóxico-matemática	6	Analizar e argumentar que tipos de fontes poden utilizarse para coñecer as diferentes etapas da Historia.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Expor os diversos tipos de fontes históricas ao alcance do historiador para reconstruír o pasado. Act. 1-5. Identificar as fontes históricas utilizables para investigar as diversas etapas da Historia. Act. 6.
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Crear un cadro de clasificación das fontes históricas. Act. 5.
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia.	Valorar os elementos culturais da nosa redonda como fontes para coñecer o pasado. Act. 1-6.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

3 Os restos materiais

Consideramos restos materiais os **edificios**, os **monumentos**, as **obras de arte** e os **obxectos** da vida cotiá que pertencen ao pasado e que se conservaron ata o presente.

Da Prehistoria non temos documentos escritos, de xeito que os restos materiais son moi importantes para poder coñecer esa época.

Restos das termas romanas de Lugo. Permítennos coñecer como eran estes recintos e a importancia do lecer na época romana.

Que é a Arqueoloxía?

A Arqueoloxía é unha ciencia que estuda as sociedades a través dos seus restos materiais. A maioría destes restos están soterrados; hai que escavar para descubrilos e analizalos para obter deles a máxima información.

As escavacións poden sacar á luz obxectos ben conservados, como esta cerámica grega, que ten máis de 2 000 anos.

4 Os documentos gráficos e audiovisuais

Os **cadros**, as **pinturas murais**, as **fotografías**, os **debuxos**, as **caricaturas**... son documentos gráficos que nos permiten reconstruír o pasado.

Tamén forman parte deste tipo de documentos as **gravacións en vídeo**, as **películas**, os **documentais**, etc., que amosan os feitos do pasado.

Fotografía de mulleres recollendo auga dunha fonte pública hai uns 70 anos.

4. Explica que información nos proporcionan os restos materiais e os documentos gráficos e audiovisuais.

5. Copia no teu caderno un cadro coma este e complétao con todos os exemplos que se che ocorran:

FONTES HISTÓRICAS			
Escritas	Orais	Materiais	Gráficas
libros	...	...	...

6. Que tipos de fontes se poden utilizar para coñecer a Prehistoria? E a Historia Antiga? E a Historia Contemporánea?

Tamén nos permiten coñecer as obras de arte correspondentes a outras épocas.

Para que poidamos estudar estes restos materiais é necesario que se conservasen ata o presente.

A maioría deles están enterrados baixo terra e é necesario realizar escavacións para os descubrir, analizalos, restauralos e poder obter deles toda a información posible.

Os documentos gráficos están formados polos cadros, as pinturas murais, as fotografías, os debuxos e as caricaturas doutras épocas que tamén nos permiten reconstruír o pasado.

Os documentos audiovisuais máis importantes son as gravacións en vídeo e audio, as películas e os documentais.

5. Resposta persoal. A modo de exemplo, podemos sinalar:

- *Escritas*: inscricións en pedra, papiros, pergamiños, cartas, cartas, leis, diarios persoais, facturas, contratos, libros, periódicos, etc.
- *Orais*: entrevistas, conferencias, diálogos, etc.
- *Materiais*: edificios, monumentos, obras de arte, obxectos cotiáns, etc.
- *Gráficas* cadros, pinturas, fotografías, debuxos, caricaturas, vídeos, películas, documentais, etc.

6. Para coñecer a Prehistoria podemos utilizar as seguintes fontes materiais: *obxectos de sílex, de óso, etc.*

Tamén podemos utilizar as fontes gráficas: *pinturas e debuxos rupestres, etc.*

Para coñecer a Idade Antiga podemos utilizar fontes escritas: *papiros, pergamiños, grafitis, inscricións, etc.*

Tamén fontes materiais: *obxectos de pedra, ferro, cerámica, esculturas, edificios, templos, etc.*

E fontes gráficas: *pinturas e debuxos*.

Na Idade Contemporánea serannos útiles todas as fontes.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/677543 – Visionaremos este audiovisual educativo sobre a arqueoloxía.
- http://www.tiching.com/677547 – Tamén podemos ver este vídeo que mostra exemplos de documentación audiovisual.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- No apartado *Zoom Patrimonio* analizaremos cos alumnos en que consiste o patrimonio histórico e cultural. Comentaremos:
- A importancia dos edificios e monumentos históricos.
- A necesidade dos arquivos e bibliotecas.
- A exposición de boa parte dese patrimonio en museos.

Solucións das actividades

1. Os edificios e monumentos do pasado permítennos coñecer as características da nosa sociedade noutros tempos.

Actividade persoal. A modo de exemplo, sobre o Concello de Salamanca podemos dicir:

- A súa construción iniciouse en 1750 e finalizouse en 1756.
- É un edificio porticado, con columnas a ambos os dous lados da fachada
- A súa fachada mide 82,60 m e nela aparecen escudos, capiteis e algunhas esculturas de gran beleza.
- A espadana que destaca na súa parte superior erixiuse case un século despois, en 1852.
- Sobre a espadana aparecen catro matronas que representan as catro virtudes cardinais: Prudencia – Xustiza – Fortaleza - Temperanza.

2. Unha biblioteca é un lugar público ou privado no que se gardan e conservan diversos documentos escritos, xa sexan libros, cartas, leis, etc.

Podemos acudir ás bibliotecas a ler e consultar os documentos e libros do pasado e a coñecer os libros máis recentes. Podemos utilizar o servizo de empréstito de libros para os levar a casa. Nalgunhas tamén podemos ver algúns DVD e utilizar os ordenadores.

Resposta persoal.

3. Un museo é un lugar que conserva, investiga, comunica e expón unha colección.

Zoom Patrimonio...

O mesmo que facemos coas fotos ou cos obxectos da nosa familia, tamén conservamos os documentos, os edificios e os obxectos do pasado colectivo. Son o legado, o patrimonio que nos deixaron os nosos antepasados, e é a nosa responsabilidade deixárllelo en herdanza ás xeracións futuras.

EDIFICIOS E MONUMENTOS HISTÓRICOS

Nas nosas vilas e cidades consérvanse edificios (igrexas, pazos, casas, etc.) e monumentos (esculturas, pontes, fontes...) que se construíron hai tempo.

A través destes monumentos coñecemos as civilizacións do pasado, por iso debemos respectar ese legado e preservalo.

Casa do Cabido de Santiago de Compostela, construída no século XVIII.

ARQUIVOS E BIBLIOTECAS

Para gardar e conservar os documentos escritos, xa sexan libros, cartas, leis, etc., creáronse, hai moitísimo tempo, os arquivos e bibliotecas.

Nestes lugares pódese ler e consultar os documentos do pasado (arquivos) e coñecer os libros que se escribiron hai centos de anos (bibliotecas).

Biblioteca da Universidade de Oxford.



Arquivos municipais (Lille, Francia).

136 Tema 9

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento. Recoñecer as particularidades da redonda social máis ampla: a localidade.	Expor a importancia dos edificios e monumentos do pasado para coñecer a historia. Act. 1. Investigar o pasado do Concello da propia localidade. Act. 1. Identificar cinco obxectos da vida cotiá representativos da nosa época. Act. 4. Valorar a importancia de museos e bibliotecas para o coñecemento do pasado. Act. 2-3.
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia.	Valorar os edificios e os obxectos como elementos clave para comprender a nosa cultura e a nosa historia. Act. 1 e 4.
Aprender a aprender	Realizar as tarefas encomendadas e presentalas de forma pulcra e ordenada.	Realizar cinco fichas sobre obxectos cotiáns representativos da nosa época. Act. 4.
Sentido de iniciativa e espírito empren...	Adquirir o gusto por ampliar os coñecementos e investigar.	Investigar o pasado do propio Concello. Act. 1.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

OS MUSEOS

Museo de Belas Artes (A Coruña).

Moitos dos obxectos e das obras de arte do pasado consérvanse en museos. Este patrimonio exponse nas súas galerías, e todos nós podemos contemplalo e aprender del.

Deste xeito, os museos tamén nos permiten coñecer a vida, os costumes, a arte, a ciencia… de épocas e civilizacións anteriores á nosa.

Na actualidade, moitos museos permiten ao público interaccionar cos obxectos que amosan.

Algúns museos ofrecen a posibilidade de manipular máquinas para entender mellor como funcionan, construír ou fabricar un obxecto do pasado reproducindo as mesmas técnicas, asistir a unha representación teatral que recree algún feito histórico, etc.

Desfile de senadores e lexionarios romanos durante a festa *Arde Lucus*, que revive o pasado romano da cidade de Lugo.

1. Que importancia teñen os edificios e monumentos do pasado? Observa a fotografía da casa do Cabido de Santiago: como é a da túa localidade? Indaga a súa historia e descríbea.
2. Que é unha biblioteca? E un arquivo? Cal é a súa función?
3. Que é un museo? Que cousas se poden conservar nel? Visitaches algún? De que tipo? Que cousas aprendiches?
4. Apunta nunha listaxe os cinco obxectos da túa vida cotiá que consideres máis importantes e que merezan estar nun museo dentro de 100 anos.

   Podes fotografalos e elaborar unha pequena ficha para cada un na que consten o seu nome, a súa función e mais a súa importancia.

   Poñede en común os obxectos que escolleste e elixide os dez que creades máis representativos da nosa época.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/685881 – A través desta páxina poderemos coñecer e vistar virtualmente os principais museos de Galicia. Navegaremos xuntos pola web e logo preguntaremos:
  - *Visitaches recentemnete algún museo ou monumento de Galicia? Cando? Con quen fuches?*
  - *Que lembras da visita? Que foi o que máis che gustou?*
  - *Hai algún museo, monumento ou lugar que che gustaría visitar? Cal?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

As colecciónes poden ser moi variadas, polo que hai diferentes tipos de museos: de arte, históricas, de cera, de ciencias e técnica, de historia natural, arqueolóxicos, etc.

Resposta persoal.

4. Actividade en grupo. A modo de exemplo poderiamos seleccionar:

- O televisor permite observar programas e xogar a videoxogos.
- O ordenador permite traballar, consultar información, comunicarse e xogar.
- O móbil permite comunicarse, consultar información e xogar.
- O coche permite desprazarse de forma autónoma dun lugar a outro.
- A tarxeta electrónica permítenos mercar sen levar diñeiro encima.

Actividades de reforzo

1. Observaremos a imaxe do libro correspondente á biblioteca e preguntarémoslles aos nenos:

- *Onde están os libros? Como se consultarán os de arriba?*
- *Para que servirán as cadeiras e as mesas da fotografía?*

Analizaremos agora a imaxe do arquivo municipal:

- *Que documentos gardarán dentro desas caixas?*
- *Vistes algunha vez unhas caixas parecidas? Onde?*

Comentaremos finalmente as imaxes dos museos:

- *Que obras de arte podemos ver no Museo do Prado?*
- *Algún de vós estivo algunha vez? Que lembrades?*
- *Sabedes que é o péndulo da fotografía? Para que serve?*

Solución: Actividade persoal.

Actividades de ampliación

1. Acompañaremos os nenos á Secretaría da escola para que poidan ver como se arquivan os documentos e o comparen co arquivo da fotografía do libro.

Solución: Actividade persoal.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- O apartado *Repaso o aprendido* permitirá que os alumnos revisen os contidos traballados nos distintos apartados:

- Un esquema ordena visualmente os contidos relacionados cos conceptos que apareceron ao longo da unidade.
- Repásanse as etapas da historia e lémbranse cales son as fontes que permiten estudala.
- Proponse unha redacción sobre a historia incorporando unha serie de conceptos traballados.
- Formúlase tamén o debuxo dunha liña do tempo para situar as etapas históricas.
- Tamén se propón buscar información sobre os diferentes monumentos históricos da Comunidade.
- Por último, formúlanse dúas actividades que lles permitirán aos alumnos aprender xogando.

Solucións das actividades

1. Actividade persoal.
2. As frases completas quedan da seguinte maneira:
   - A *historia* explica o pasado común da humanidade, desde a aparición dos primeiros *seres humanos* ata a actualidade.
   - A historia estúdase a partir dos *feitos históricos*, que responden ás preguntas: que, *cando*, onde e *porque*.
   - Os feitos históricos organízanse en diferentes *idades* (Prehistoria, *Idade Antiga*, Idade Media, *Idade Moderna* e *Idade Contemporánea*) e sitúanse no tempo.
   - O noso calendario utiliza como referencia un feito: o *nacemento de Xesucristo*, hai aproximadamente *2.000* anos. Todos os acontecementos ocorridos antes dátanse *a.C.*
   - As *fontes* permítennos reconstruír e explicar a historia; poden ser *escritas*, orais, materiais e *gráficas*.

Repaso o aprendido

1. Copia este mapa conceptual no teu caderno.



2. Copia e completa no caderno.

- A … explica o pasado … da humanidade, desde a aparición dos primeiros … ata a actualidade.
- A historia estúdase a partir dos …, que responden as preguntas: que, …, onde e … .
- Os feitos históricos organízanse en diferentes … (Prehistoria, …, Idade Media, … e …) e sitúanse en … para ordenalos.
- O noso calendario utiliza como referencia un feito: o …, hai aproximadamente … anos. Todos os acontecementos ocorridos antes dátanse … .
- As … permítennos reconstruír e explicar a historia; poden ser …, orais, materiais e … . A arqueoloxía, porén, unicamente conta coas fontes … e … para explicar a historia.

3. Explica e organiza.

- Explica o que son as idades da historia utilizando as seguintes palabras: *ordenar, clasificar, período de tempo, antes da escritura, acontecemento importante.*
- Debuxa no teu caderno unha liña do tempo na que sitúes as diferentes etapas históricas. Escribe os seus nomes e os acontecementos que iniciaron cada etapa, coa data en que sucederon.

138 Tema 9

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Naturalista	3	Comprender e darlles unha explicación científica ás funcións da atmosfera.
	7	Analizar cientificamente os efectos da presión atmosférica na composición do aire.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento. Recoñecer as particularidades da localidade.	Sintetizar as etapas da historia e as fontes para as coñecer. Act. 1 a 3. Reconstruír o pasado local e xeral a través de vestixios. Act. 4-6.
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia.	Valorar os monumentos e as obras de arte como elementos para coñecer o pasado. Act. 4-5.
Dixital	Utilizar as TIC para obter e expresar contidos.	Investigar na Internet a historia dun monumento. Act. 4.
Aprender a aprender	Esforzarse para resolver actividades de crecente complexidade.	Elaborar eixes cronolóxicos. Act. 3-4. Comprender un mapa conceptual do tema. Act. 1.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

4. Monumentos de Galicia.

Todas as cidades e vilas conservan evidencias do seu pasado histórico. Imos buscalas, identificalas e ordenalas no tempo:

a. Podedes facer unha chuvia de ideas para que vaian saíndo os nomes dos restos e dos edificios máis representativos de Galicia (castelos, pazos, murallas, igrexas, pontes, ruínas, pinturas prehistóricas, etc.).

b. Escollede, coa axuda do profesor ou profesora, entre 5 e 10 destes restos históricos. Dividide a clase en tantos grupos coma restos escollésedes, de xeito que cada grupo se encargue dun deles.

c. Buscade información do voso monumento e completade unha ficha na que conste o seu nome, o ano de construción, a descrición e a función que tiña cando se realizou.

Nome
Torre dos Moreno (Ribadeo)
Ano de construción
1915
Descrición
...
Función
...

1000 a.C. | 500 a.C. | 0 | 500 | 1000 | 1500 | 2000

d. Se vos é posible, ide visitalo e facede fotografías e, se non, buscádeas na Internet para incluílas na ficha.

e. Elaborade, entre toda a clase, un grande eixe cronolóxico. Ide situando os vosos monumentos nel, do máis antigo ao máis moderno.

f. Por último, confeccionade un mural coas fotos e as fichas dos monumentos máis importantes de Galicia.

XOGANDO TAMÉN SE APRENDE

5. Fixate ben.

Observa este cadro durante dous minutos e con moita atención. Pasado este tempo, tápao e responde estas preguntas sen miralo:

- Que personaxes están sentados ao redor da mesa? Que suxeita a anciá? E o home? Como visten as mulleres?
- Cantos nenos e nenas contaches? Que fai cada un? Que levan nos pés? Como son as súas vestimentas?

- Como cres que vivían os campesiños hai 400 anos? Arguméntao.

Louis Le Nain: *Familia de campesiños*, 1642.

6. Razoa.

Un amigo teu invítate á súa casa e móstrache a colección de moedas que ten o seu avó. Ensínache a súa preferida, que di que é moi antiga.

Examínala con curiosidade. Ten gravada a cara dun emperador, e unha data no reverso: 300 a.C.

Inmediatamente, dislle ao teu amigo: "é falsa!". Como o soubeches?



A Arqueoloxía, porén, só conta coas fontes materiais e gráficas para explicar a historia.

3. Actividade persoal. A modo de exemplo:

As etapas históricas permítennos *ordenar* e *clasificar* todos os feitos sucedidos ao longo da historia da humanidade.

O *período de tempo* máis longo é o da Prehistoria que se desenvolve *antes da escritura* e iníciase coa aparición do ser humano.

Coa invención da escritura iníciase a Historia, que se divide en catro etapas: Idade Antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade Contemporánea.

Cada etapa comeza coa data que marca un acontecemento importante:

Idade Antiga: 3500 aC. Invención da escritura.

Idade Media: 476. Caída do Imperio romano de occidente.

Idade Moderna: 1453. Caída do Imperio romano de oriente.

Idade Contemporánea: 1789. Revolución francesa.

4. Actividade en grupo.

5. Actividade persoal. Por exemplo:

- Arredor da mesa están sentados os membros dunha familia campesiña. A anciá suxeita unha xerra e unha copa de viño. O home suxeita o pan e un coitelo para o cortar. As mulleres levan vestidos longos ata os pés, mandís e levan a cabeza cuberta.
- Podemos contar ata cinco nenos. Un touca a frauta, outro está sentado no chan, a nena situada detrás está amoucada e os outros dous están xunto á fogueira, ao fondo da imaxe. Van descalzos. Visten como as persoas adultas.
- Resposta persoal. A vida dos campesiños era curta, dura e moi austera.

6. A moeda é falsa porque en 300 a.C. non había emperadores.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/677555 – Este enlace ofrece a posibilidade de repasar os contidos do tema mediante diferentes actividades interactivas.
- http://www.tiching.com/677559 – Utilizaremos este enlace para repasar o tema.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Avalío os meus logros

1. Escribe no teu caderno a que corresponde cada definición:

- É o principal órgano de goberno da nosa localidade.
- É a máxima autoridade do municipio.
- Axudan o alcalde nas súas actividades de goberno.
- Son necesarios para atender as necesidades dos habitantes dunha localidade.
- Convócanse cada catro anos para elixir o noso alcalde.

2. Le o texto e responde as preguntas no teu caderno:

María acaba de cumprir nove anos. Para celebralo, a súa avoa Rosa preparoulle unha merenda na casa. Acompáñaa a compañeira do seu irmán Xabier, que é maior ca María. Aos dous irmáns encántalles ir á casa da avoa. Cóntalles historias da súa familia e de cando era nena. Tamén lles ensina fotografías e lles deixa xoguetes que tiña de pequena Marta, a nai de María e Xabier.

- Que relación de parentesco teñen?

María con Xabier → ... María e Xabier con Marta → ...

María e Xabier con Rosa → ... Rosa con Marta → ...

- Rosa utiliza tres tipos de fontes de información para contar cousas do pasado. Cales?

3. Copia no teu caderno o seguinte eixe cronolóxico:

1900 1910 1920 1930 1940 1950 1960 1970 1980 1990 2000 2010 2020

- Sitúa a data de nacemento de María.
- Ordena estes acontecementos da historia da súa familia.

1920 Nace Pedro, o bisavó de María

2000 Marta casa con Duarte

2004 Nace Xabier, fillo de Marta e Duarte

1970 Rosa casa con Luís

1975 Nace Marta, a filla de Rosa e Luís

1945 Nace Rosa, a avoa de María

4. Practica coas medidas do tempo:

Un día ten ... horas.

Unha semana ten ... días.

Un mes ten 28, 29, ... ou ... días.

Un ano ten ... meses.

Un quinquenio ten ... anos.

Unha década ten ... anos.

Un século ten ... anos.

Un milenio ten ... anos.

5. Describe as fotografías e relaciona cada oficio co tipo de actividade:

Obtención de materias primas | Elaboración dun produto | Servizos

6. Copia as seguintes condutas. Indica se favorecen ou non a convivencia e corrixe as que non sexan correctas:

- ✔ Erguer a man antes de falar.
- ✔ Ocupar calquera asento libre no autobús.
- ✔ Non comer coas mans.
- ✔ Poñer a mesa só cando nos apetece.
- ✔ Berrar cando non nos fan caso.
- ✔ Distraer o condutor.

- Describe as fotografías e escribe no teu caderno por que estas condutas favorecen a convivencia.

7. Explícalle a un neno máis novo ca ti o que é a educación viaria:

- Debuxa estes sinais de tráfico e explícalle o seu significado.
- Explícalle o que son os sinais horizontais e luminosos.
- Indícalle dúas normas que un peón ten que seguir sempre.
- Dille o que non debe facer cando viaxa en coche.

Solucións das actividades

1. As respostas son:

- É o principal órgano de goberno da nosa localidade: *Concello*.
- É a máxima autoridade do municipio: *alcalde* ou *alcaldesa*.
- Axudan o alcalde nas súas actividades de goberno: *concelleiros*.
- Son necesarios para atender as necesidades dos habitantes dunha localidade: *servizos públicos*.
- Convócanse cada catro anos para escoller o noso alcalde: *eleccións municipais*.

2. As respostas son:

- María con Xabier → son irmáns.

  María e Xabier con Rosa → son os seus netos.

  María e Xabier con Marta → son os seus fillos.

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	4 *Avalío*	Desenvolver estratexias para memorizar os contidos estudados ao longo do curso.
Espacial	2 *Practico*	Elaborar un eixe cronolóxico situando no tempo e nas diversas etapas da historia diversos vestixios do pasado dunha localidade.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Recoñecer as particularidades da familia e a localidade. Respectar as normas de convivencia en sociedade. Valorar as achegas das diversas profesións ao benestar xeral. Interesarse polo pasado e o seu coñecemento.	Identificar o funcionamento municipal. Act. 1 *Avalío*... Expor as relacións de parentesco a partir dun texto. Act. 2 *Avalío*... Situar nun eixe cronolóxico diversos acontecementos e utilizar medidas do tempo e ferramentas para identificar o pasado. Act. 3-4, *Avalío*, 1-3, 5 *Practico*. Identificar as normas de convivencia social e de seguridade vial. Act. 6-7 *Avalío*. Identificar diversos oficios.Act. 5 *Avalío* e 4 *Practico*..
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia.	Valorar os monumentos e vestixios do pasado como ferramentas para coñecer a historia. Act. 1, 3 *Practico*..
Aprender a aprender	Esforzarse para resolver actividades de crecente complexidade.	Elaborar un eixe cronolóxico e unha ficha sobre un produto artesanal. Act. 2 e 4 *Practico*..

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Practico competencias

1. María está a pasar o verán na vila dos seus avós paternos. A vila ten unha historia moi antiga. O tío Xoán faille de guía e ensínalle monumentos e edificios do pasado da localidade:

- Observa as imaxes dos restos históricos. Identifica o que está representado en cada fotografía.



- Entre estes restos do pasado hai un obxecto de uso cotián. Onde cres que está conservado?

2. Copia este eixe no teu caderno e complétao coas etapas ou idades da historia:

- Sitúa o nacemento de Cristo.
- Coloca os restos históricos do exercicio 1 na súa etapa correspondente. Para iso fíxate na data de cada un.

3. Axuda a María a elaborar un folleto turístico da súa vila:

- En grupos, redactade un breve texto presentando a localidade e describide o patrimonio que se pode visitar (monumentos, ruínas...).
- Ilustrade o folleto con debuxos e fotografías.

4. Na vila hai obradoiros que elaboran produtos de forma artesanal:

- Busca información sobre os produtos artesanais que se elaboran na túa localidade, ou na que pasas o verán.
- Escolle un produto e fai unha ficha coa seguinte información: nome e fotografía do produto, quen o elaborou, materias primas utilizadas, como se realizou, onde se vende.
- Infórmate sobre se hai algunha feira anual de produtos artesáns e cales son.

5. Os avós conservan moitas fotografías familiares. Este verán tamén tiraron fotografías de recordo:

- Observa as fotos e describe a escena representada en cada unha.
- Distingue as fotografías antigas, do pasado, das deste verán, o presente. Que elementos che permiten situalas nunha época ou noutra?



COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	Participar de forma autónoma na planificación de actividades.	Realizar proxectos de forma individual tomando decisións sobre as súas características. Act. 7 *Avalío...*, 3 *Practico...*
DIXITAL	Utilizar as TIC para obter e expresar contidos.	Buscar información na Internet sobre os produtos artesanais que se elaboran na localidade. Act. 4 *Practico...*
LINGÜÍSTICA	Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.	Describir as escenas representadas en diversas fotografías. Act. 5 *Practico...*

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/677566 – Páxina web onde os alumnos poden repasar o aprendido sobre as idades da historia e os cambios e evolucións que se produciron en ditas etapas.
- http://www.tiching.com/685861 – Paquete de actividades interactivas sobre os diferentes tipos de traballos, actividades produtivas e sectores económicos.
- http://www.tiching.com/677569 – Recurso que ofrece actividades interactivas onde o alumno pode repasar conceptos sobre o tempo histórico e a historia.

Rosa con Marta → Rosa é a nai de María.

– Rosa conta historias da súa familia, ensínalles fotografías e déixalles xoguetes de cando Marta era pequena.

3. Actividade persoal. Os alumnos debuxarán o eixe no seu caderno e escribirán cada data no lugar que corresponda.

A orde cronolóxica dos acontecementos é o seguinte:

1920: Nace Pedro, o bisavó de María.

1945: Nace Rosa, a avoa de María.

1970: Rosa casa con Luís.

1975: Nace Marta, a filla de Rosa e Luís.

2000: Marta casa con Eduardo.

2004: Nace Xabier, fillo de Marta e Eduardo.

4. Un día ten 24 horas.

Unha semana ten 7 días.

Un mes ten 28, 29, 30 ou 31 días.

(continúa na páxina 9-20)

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Proxecto TIC

Melloremos a seguridade viaria

Propoñémosvos participar nun proxecto para mellorar a seguridade viaria entre os nenos e nenas. Animádesvos?

O obxectivo do voso proxecto é deseñar, nun procesador de textos, unha campaña publicitaria de seguridade viaria.

Descubre e responde

✔ Cales son as condutas de mobilidade viaria de maior risco entre os nenos e nenas?

✔ Como podemos mellorar a seguridade viaria?

PASO PREVIO. Que sabemos e que queremos saber?

Sí Non Ás veces

a) En primeiro lugar respondede a seguinte enquisa relacionada coa vosa conduta viaria:

✔ Como peón, circulas distraído ou xogando pola rúa?

✔ Cruzas a rúa fóra do paso de peóns ou co semáforo en vermello?

✔ Camiñas demasiado cerca da calzada onde circulan os coches?

✔ Sobes ou baixas dun vehículo pola porta que queda máis preto da calzada?

✔ Desprázaste andando, en bicicleta, patíns, monopatín, etc., por zonas non adaptadas para esta finalidade?

✔ Como pasaxeiro dun vehículo, usas sempre o cinto de seguridade?

b) Comentade entre todos outras condutas de risco que poñan en perigo a vosa seguridade viaria ou a dos outros, e escribídeas no encerado.

PLANIFICACIÓN. Que temos que facer?

a) Organizádevos en grupos. Cada grupo debe crear un **cartel publicitario** que se identifique con cada unha das condutas de risco que traballastes no paso previo.

Todos xuntos formarán a campaña!



b) **Procurade información** que responda as dúas preguntas que se formularon ao principio do proxecto e que vos poida ser útil para deseñar o voso cartel.

c) Escribide nun buscador da Internet como Google, por exemplo, as palabras clave do tema: ***educación viaria***.



d) Na plataforma dixital da escola, o profesor vai abrir un cartafol colectivo chamado "**Recuncho de educación viaria**". Nel incluirá outro cartafol co nome do voso cartel, para gardar a información (textos, imaxes, vídeos, etc.) que atopastes.

e) Consultade toda a documentación e expresade verbalmente, entre toda a clase, que información falta, quen a vai procurar, onde, etc.

Solucións das actividades

Melloremos a seguridade vial

- Os principais factores de risco entre os nenos son:
  - O uso da bicicleta en lugares inadecuados.
  - A mobilidade como peóns.
  - A elección do lugar por onde atravesar unha rúa.
  - O descoñecemento dos sinais.
  - Non levar abrochado o cinto de seguridade

Podemos mellorar a seguridade vial utilizando a bicicleta en zonas onde non haxa tráfico doutros vehículos, escollendo os pasos de peóns para atravesar as rúas, aprendendo o significado dos sinais levando sempre abrochado o cinto de seguridade.

Paso previo

- Os nenos completarán a enquisa e comentarán os resultados identificando as súas condutas de risco.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Respectar as normas de convivencia na redonda familiar, escolar e veciñal.	Identificar as actitudes correctas e incorrectas como usuarios da vía pública, xa sexa como peóns ou como usuarios dos transportes. Act. *Proxecto TIC.*
Dixital	Utilizar as TIC para obter e expresar contidos.	Buscar información en internet sobre seguridade vial. Act. *Planificación..., Explorador@...* Crear unha campaña de seguridade vial cun procesador de texto utilizando a plataforma dixital da escola. Act. *Planificación..., Desenvolvemento..., Avaliación...* Utilizar a taboíña e as súas aplicacións para aprender. *Aprende...*
Conciencia e expresións culturais	Realizar traballos manuais seguindo as instrucións que se propoñen.	Elaborar un cartel cun procesador de textos valorando o seu deseño gráfico e a orixinalidade do seu lema. Act. *Desenvolvemento...*
Aprender a aprender	Esforzarse para resolver as actividades de crecente complexidade.	Crear unha campaña de seguirdad vial seguindo os pasos marcados no libro de texto e utilizando as TIC como soporte principal. Act. *Proxecto TIC.*
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Reflexionar sobre as normas de convivencia para asumir responsabilidades. Participar de forma activa en actividades colaborativas.	Crear un cartel en grupo, achegando ideas e colaborando no traballo. Act. *Planificación..., Desenvolvemento...* Valorar a propia conduta en relación coa seguridade vial. Act. *Paso..., Avaliación...*

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)



Proxecto TIC

DESENVOLVEMENTO. Como o facemos?

a) Para deseñar o cartel utilizade un procesador de textos, como Word, OpenOffice Writer, etc. Abride unha páxina nova e seguide estas pautas:

✔ Pensade o texto ou slogan do anuncio e escribídeo.

✔ Inseride fotografías ou debuxos.

✔ Explicade en dous breves textos:

– A conduta de risco que se debe evitar.

– A conduta segura correspondente.

SLOGAN DO CARTEL

CONDUTA DE RISCO (texto)

SLOGAN DO CARTEL

CONDUTA DE RISCO (texto)

RECUNCHO DE EDUCACIÓN VIARIA - Microsoft Word

SLOGAN DO CARTEL

CONDUTA DE RISCO (texto)

CONDUTA SEGURA (texto)

b) Entre toda a clase pensade un slogan para a campaña en xeral e poñede en común os vosos traballos. Cada grupo debe explicar en tres minutos o cartel que elaborou.

c) Colgádeos na parede. Deste xeito poderedes lembrar as normas e mellorar a vosa seguridade viaria.

146



STOP

AVALIACIÓN. Que aprendemos?

Agora que xa sabedes moitas cousas de seguridade viaria, propoñémosvos un compromiso persoal:

a) Tedes que explicar tres condutas que ides cumprir sempre no futuro e outras tres condutas que nunca habedes volver a repetir.

b) Abride outro documento no procesador de textos e completade un contrato como o seguinte:

por favor, en rojo, NO

Chámome _____

e teño _____ anos.

Coñezo as normas de seguridade viaria e por este motivo asino este compromiso:

Sempre _____	Nunca _____
Sempre _____	Nunca _____
Sempre _____	Nunca _____

Sinatura:

CAMPAÑA AUTONÓMICA DE PEÓNS

Aprende coa tablet

1. **Obxectivo**

Coñecer os sinais que regulan a circulación viaria.

2. **Desenvolvemento**

Saíde á rúa coa tablet ou co móbil e fotografade sinais que regulen a circulación.

Na clase, recollede todas as fotografías nunha carpeta común e clasificádeas segundo a súa función:

– Perigo
– Prohibición
– Obriga
– Información

3. **Aprende xogando**

Queredes divertirvos á vez que aprendedes? Recomendámosvos estas aplicacións:

iOS: *Bicis y cascos.*

Android: *Toca la señal.*

147

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/685834 – O alumno pode utilizar este recurso con xogos interactivos para ampliar e repasar os coñecementos sobre educación e seguridade vial.
- http://www.tiching.com/677561 – Os alumnos poden consultar esta páxina web para elaborar o seu proxecto sobre a seguridade vial. Aquí encontrarán consellos para practicar unha boa seguridade vial.
- http://www.tiching.com/677565 – Os alumnos poden visionar o seguinte vídeo para ampliar os seus coñecementos sobre a seguridade e a educación vial.

Todos estes recursos axudarán o alumno a elaborar o seu proxecto sobre a seguridade vial.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Planificación

- Neste apartado, ofréceselles aos alumnos unha serie de indicacións para a confección dun cartel publicitario.

Cada grupo elaborará un diferente para que a clase no seu conxunto poida traballar varias condutas de risco.

Desenvolvemento

- Unha vez electo o procesador de textos, cada grupo deseñará o seu cartel seguindo as pautas.

O cartel correspondente a cada conduta de risco deberá levar un lema, pero, despois, entre todos, escollerán un xeral para toda a campaña.

Avaliación

- Neste apartado os alumnos deberán completar o contrato que se lles propón e valorar que é o que aprenderon.

Finalmente, formúlaselles unha actividade coa taboíña.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

(vén da páxina 9-17)

Un ano ten 12 meses.

Un quinquenio ten 5 anos.

Unha década ten 10 anos.

Un século ten 100 anos.

Un milenio ten 1.000 anos.

5. De esquerda a dereita:

- *Elaboración dun produto*: a fotografía mostra un traballo artesanal de cestaría.
- *Servizos*: na fotografía obsérvase unha persoa transportando mercadorías.
- *Servizos*: a varredora da fotografía mantén limpas as rúas.
- *Obtención de materias prima*: a fotografía mostra a actividade pesqueira.

6. As condutas que favorecen a convivencia son:

- Levantar a man antes de falar.
- Non comer coas mans.

As condutas restantes deben corrixirse así:

- Reservar os asentos libres no autobús ós anciáns e mulleres embarazadas.
- Axudar a pór a mesa.
- Non berrar.
- Non distraer o condutor.

Na fotografía esquerda os nenos levantan a man para pedir a palabra. Esta norma facilita a convivencia porque permite que todos poidan falar ordenadamente.

Na fotografía dereita unha nena axuda a recoller as mesas, co que está a colaborar á hora de ordenar e manter recollida a aula.

7. Actividade persoal. O sinal esquerda indica o uso obrigatorio do cinto de seguridade. O sinal dereito indica a proximidade dun paso de peóns.

Os sinais horizontais son liñas, frechas ou marcas pintadas no chan, como os pasos de peóns.

Os sinais verticais son rótulos que se sosteñen por un ou varios postes e que conteñen símbolos escritos que indican perigo, prohibición, obriga ou información.

Actividade persoal. A modo de exemplo:

- Camiñar pola beirarrúa e non pola calzada.
- Atravesar as rúas polos pasos de peóns.

Actividade persoal. A modo de exemplo:

- Non debe distraer o condutor.
- Non debe levar o cinto desabotoado.

Practico competencias

1. Ano 7000 a.C.: pinturas rupestres (Prehistoria).

Ano 87: ponte romana (Idade Antiga).

Ano 1300: castelo (Idade Media).

Ano 1600: igrexa (Idade Moderna).

Ano 1650: floreiro (Idade Moderna).

Ano 1870: ferrocarril (Idade Contemporánea)

O floreiro é un obxecto de uso cotián que estará conservado nun museo.

2. O eixe debe quedar así:



3. Actividade en grupo.

4. Actividade persoal.

5. **a.** Dúas mulas tirando dun mallo que separaba o gran da palla.

b. Un tractor arando a terra.

c. Mulleres lavando a roupa nun lavadoiro público.

d. Uns nenos co ordenador e cos seus avós.

e. Mulleres bordando unha mantelería.

f. Unha parella na cociña preparando a comida.

As fotografías antigas son a **a**, **c** e **e**. Aínda que a fotografía c apareza en cor, a actividade de lavar a roupa nun lavadoiro público xa é unha imaxe do pasado.

As fotografías do presente son a **b**, **d** e **f**.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	**WEBS**
http://www.tiching.com/677536	http://www.mundoprimaria.com/juegos/conocimiento-del-medio/ciencias-sociales/historia/3-4-primaria/342-juego-tiempo-historico/index.php
http://www.tiching.com/677539	http://catedu.es/chuegos/historia/historia.swf
http://www.tiching.com/677541	http://www.clarionweb.es/5_curso/c_medio/cm514/cm51403.htm
http://www.tiching.com/677543	http://www.youtube.com/watch?v=tY8497681I0
http://www.tiching.com/677547	http://www.rtve.es/noticias/20121220/archivo-filmoteca-do-mayor-fondo-historico-audiovisual/590521.shtml
http://www.tiching.com/677548	http://www.youtube.com/watch?v=9hbFV7yk_8o
http://www.tiching.com/677549	https://www.museodelprado.es/
http://www.tiching.com/677555	http://olmo.pntic.mec.es/~agum0006/unidades_didacticas/etapas.htm
http://www.tiching.com/677559	http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/gallery/Recursos%20Infinity/aplicaciones/maquina_tiempo/popup.htm
http://www.tiching.com/677561	http://clasedeseguridadvial.blogspot.com.es/
http://www.tiching.com/677565	http://www.youtube.com/watch?v=kK4CrSFB3Vs
http://www.tiching.com/677566	http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos_informaticos/proyectos2003/apoyo_cm/cambios/activ/actividades.html
http://www.tiching.com/677568	http://www.mundoprimaria.com/juegos/conocimiento-del-medio/ciencias-sociales/sociedad/3-4-primaria/334-juego-sectores-economicos/index.php
http://www.tiching.com/685861	http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1363685579/contido/traballos.html
http://www.tiching.com/685834	http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1337855116/contido/edu_vial/edu_vial.html
http://www.tiching.com/685869	http://www.youtube.com/watch?v=xlwCC73CqVs
http://www.tiching.com/685872	http://jcdonceld.blogspot.com.es/p/la-historia-definicion-y-cronologia.html
http://www.tiching.com/685881	http://museos.xunta.es/

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES PRIMARIA, S.A.

© VICENS VIVES